



MARÍA VICTORIA MORENO
LETRAS GALEGAS 2018
 XER AIS
escritura escrita gal e creativa por
en galego todo o tempo

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

Biografía e obra

Comprometida coa lingua, a literatura infantil e o ensino

RAG A CORUÑA

María Victoria Moreno naceu circunstanacialmente en Estremadura en 1939, medrou en terras de Castela, estudou sendo adolescente en Barcelona, fíxose filóloga en Madrid e escolleu ser galega e empregar a súa lingua en todos os contextos pouco tempo despois de establecerse en Galicia, a donde chegou para exercer a docencia.

Entre 1965 e 1967 deu clases no Instituto Masculino de Lugo, unha etapa decisiva no despertar do seu activismo a favor da lingua galega en plena dictadura. Neste centro coñeceu ao profesor Xesús Alonso Montero, de quen herdou, segundo ela mesma dixo, a súa actitude ante a lingua galega e a ética e o compromiso cos seus falantes.

Estudos

Os estudos de María Victoria prolongáronse dous anos debido á situación económica, que non permitía enviar unha filla a estudar fóra, e á ausencia en Sepúlveda de instituto, pois unicamente existían nas capitais de provincia e nalgunha cidade máis.

En 1951, grazas a unha bolsa, marchou para Barcelona a cursar o bacharelato. Alí aprendeu catalán e francés, e sobre todo descubriu a literatura, lendo por vez primeira "O Quixote" ou "O principión", que se habían converter nas súas obras favoritas. No verán volvía ás aldeas segovianas onde exercía de mestra a súa nai.

De 1958 a 1963 estudou Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, na Universidade Complutense de Madrid. Alí coñeceu a José Luis Llácer, invidente, con quen casou ao finalizaren a carreira e co que se trasladou a Pontevedra en 1963, por ser el contratado no Colexio da ONCE. En Pontevedra viviu máis de corenta anos, até a súa morte en 2005 pois, aínda que deu clase dous anos en Lugo e catro en Vilalonga, a súa casa sempre estivo nesta vila.

A historia de amor entre María Victoria e Galicia comeza en Pon-



María Victoria Moreno escolleu ser galega e empregar a súa lingua en todos os contextos | RAG

Valle Inclán). Lembran as súas alumnas, que con María Victoria aprenderon tanto a tomar conciencia da realidade lingüística e cultural de Galicia como a gozar da literatura.

Clases de galego

Na ditadura franquista non se ensinaba lingua galega nin moito menos en galego, mais María Victoria dedicaba parte das clases de literatura española dos venres a ensinar literatura galega, a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego. A título voluntario, non remunerados, daba cursos de galego desde 1972, dirixidos a mestras, mestres e persoas que non tiveran a posibilidade de estudar a nosa lingua. Unha participación que resultaba sospeitosa para o réxime. Como represalia, en 1974 foille retirado o pasaporte.

A contribución como escritora de María Victoria á lingua e á cultura do país foi moi importante; con todo, poida que o fose aínda máis a súa actividade como profesora que, como reiterou en artigos e entrevistas, era a súa paixón.

Primeiro libro

O ano 1973 foi moi importante porque José Luís e mais ela iniciaron o proceso de adopción dos seus fillos Begoña e Carlos, completado formalmente en 1975; Edicións do Castro publica o seu primeiro libro, "Mar adiante" e abre en Pontevedra, xunto a oito socias e socios, a librería Xuntanza, onde se vendían, entre outros, libros como os de Castelao e Miguel Hernández prohibidos pola censura e editados fóra de España. A publicación de "Mar adiante" tivo grande impacto na prensa, convertendo a María Victoria nunha das autoras pioneiras da literatura infantil galega.

Mar adiante foi seguido por "O cataventos" (1979) que acadou o Premio O Facho, A festa no faiado (1983), e "Leonardo e os fontaneros" (1986). Este último é un exemplo da intensa relación de María Victoria cos animais, un



Mar adiante

NARRATIVA, Sada: Edicións do Castro, 1973

É a historia, contada en primeira persoa, dunha mestra que pon nun barco, o Arroás, unha escola diferente, en contacto coa natureza, e co respecto e agarimo como bandeira.



A festa no faiado

NARRATIVA, Vigo: Galaxia, 1983

Conta a historia dunha boneca, Uxia, abandonada no faiado cando a súa dona se fixo maior, que decide poñerlle solución ao aburrimento coa amizade dalgúns animais.

tevedra. Logo de dar aulas como interina nesa cidade, en 1965 aprobou as oposicións, sendo destinada ao Instituto Masculino de Lugo, onde ensinaba Xesús Alonso Montero. Grazas a el mergúllase na lingua e sobre todo na literatura galega: "A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeiros de quen foi o meu mestre, de quen me honro en recoñecer como mestre" escribiu no artigo "O mestre das palabras", sobre Alonso Montero.

Desde ese momento María Victoria converteuse nunha activista a prol da lingua galega, un compromiso vencellado ás reivindicacións de democracia e xustiza social. Ao regresar a Pontevedra en 1967 impartiu Literatura castelá no Instituto Feminino (agora



Leonardo e os fontaneiros

NARRATIVA,
Vigo: Galaxia, 1986

O protagonista, é un can de palleiro sen dono que se converte en amigo de Antón, de 14 anos, moi dado a facer falctruadas cos seus amigos "os fontaneiros".



O cataventos

NARRATIVA,
Santiago: Sotelo Blanco,
1989

A autora usa con mestría os recursos da fábula para revelar como a arrogancia e a soberbia, como o exercicio ditatorial do poder, reciben o seu castigo.



Anagnórise

NARRATIVA,
Vigo: Galaxia, 1989

É a historia de Nicolau, un adolescente de 17 anos que fai autostop, fuxindo da casa e da súa vida anterior, e Xulia Andrade, unha muller afouta que o leva no seu coche e que ten moito da autora.



Eu conto, ti cantas...

POESÍA,
Vigo: Xerais, 2005

Este libro de María Victoria Moreno reúne tres contos de animais escritos en verso e ilustrados por Manolo Uña: "Xa non teño medo", "Can branco, can negro" e "¿Un cachiño de bica?".

caríño reflectido na súa vida e en moitos dos seus libros.

Algúns trazos fundamentais da obra de María Victoria son o lirismo, a conversión dos animais en protagonistas e a crítica a un ensino reseso. Ademais de historias infantís ou xuvenís, a mediados dos 80 publicou xunto con Xesús Rábade Paredes e Luís Alonso Girgado libros de texto de Literatura galega.

Outros fitos relevantes producíronse en 1988. Neste ano Galaxia, por decisión de Carlos Casares, na altura o seu director, crea a colección Árbore de literatura infantil, que será dirixida durante dez anos por María Victoria Moreno, Antonio García Teijeiro e David Otero. O obxectivo, segundo David Otero, era dispoñer de literatura en galego para todas as idades, dar visibilidade á escrita en Galicia, así como publicar

Na súa faceta como profesora ensinou a tomar conciencia da realidade cultural e lingüística galega e a gozar da literatura

Algúns trazos da súa obra son o lirismo, a conversión dos animais en personaxes e a crítica a un ensino reseso

traducións ao galego de libros de calidade. Tamén en 1988 publica "Anagnórise", recoñecido en 1990 na Lista de Honra do IBBY (Consello internacional de libros para a mocidade), que selecciona cada dous anos libros excelentes nas distintas linguas. Está considerado o seu mellor libro e un clásico da literatura xuvenil galega.

A enfermidade

En xaneiro de 1996 morreu o seu home, José Luis Llácer, e en 1997 foi diagnosticada de cancro de mama. Comezou a loita contra a doenza, os tratamentos, a quimioterapia, o que a leva, segundo as súas propias palabras "a escribir a contra o reloxo". Ao mesmo tempo, esforzouse por seguir a súa vida, dando clase até 2002, en que a súa saúde a obrigou a xubilarse.

En 1999 publicou a novela xuvenil "Guedellas de seda e liño",

recoñecida na Lista White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic en 2002. O libro explora os conflitos de identidade na adolescencia, neste caso a través de dúas rapazas.

En 2002 inicia unha relación co mariño cubano Pedro Ferriol que culmina en voda en maio do ano 2003.

María Victoria Moreno foi unha autora de literatura para a xente nova, mais non só iso. A reflexión sobre a súa experiencia co cancro reflectese nun libro excepcional, o ensaio "Diario da luz e a sombra" (2004), no que combina a análise descarnada da enfermidade, as súas consecuencias, a recepción social, os cambios no comportamento dos demais...

Últimos anos

En 2005 Pedro Ferriol pasou a ordenador a primeira novela escrita por María Victoria, aínda en castelán, en 1969, e enviouna a un premio en Salamanca, que acadou e foi recoller poucos meses antes da súa morte. Traducido ao galego, segundo vontade da autora, por Xavier Senín, "Onde o aire non era brisa" (2009) foi publicado postumamente.

"Elexías de luz", publicado en 2006, reúne cinco cadernos de poemas, nos que agroman tanto a súa sensibilidade como a ironía e a crítica.

Nos últimos anos da súa vida María Victoria recibiu numerosas homenaxes, dos libreiros na Feira do libro de Pontevedra, do profesorado do IES Torrente Ballester, o último no que dera clase e ao que legou a súa colección de libros, e outras que non viviu para presenciar, como a do Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra, en 2006. Morreu o 22 de novembro de 2005.



Onde o aire non era brisa

NARRATIVA,
Vigo: Galaxia, 2009

É unha crónica da dura vida das mestras –probablemente inspirada na súa nai – nunha vila imaxinaria de Castela, nos anos 60. Está artellada ao redor das metáforas do leite.



DISPESAN
distribución de café

comercial@dispesancafe.com

Pepe 647 647 620
Iban 607 320 366

www.dispesancafe.com

SERVICIO TÉCNICO

VENTA DE MAQUINARIA DE HOSTELERÍA
CON IMPORTANTES DESCUENTOS
EN MARCHAS NACIONALES E INTERNACIONALES
ASESORAMIENTO Y APOYO A LA HOSTELERÍA EN GENERAL



Somos distribuidores desde 2005





NUEVO DISTRIBUIDOR DE PRODUCTOS FEIRACO PARA LA COMARCA



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

Actividades e iniciativas

Decenas de eventos encumbran a vida e obra de Moreno, cun acto central en Pontevedra

Redacción A CORUÑA

Galicia afánase estas semanas para ensalzar e divulgar a vida e obra de María Victoria Moreno, homenaxeada este ano polo Día das Letras Galegas, a través de numerosos actos como presentacións musicais, de libros e de pezas audiovisuais, ademais de mostras e conferencias, que teñen como punto álxido o acto central de hoxe organizado en Pontevedra pola Real Academia Galega (RAG).

Os actos polas Letras Galegas empezaron fai semanas e continuarán todo o ano, sendo Pontevedra a localidade que ten maior

protagonismo, por ser a cidade na que a escritora e docente se estableceu en 1963, nada máis chegar a Galicia, e onde viviu até o seu pasamento no ano 2005.

Así, onte o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, recibiu aos membros da RAG e posteriormente tivo lugar na sede de Afundación de Pontevedra o concerto Día das Letras Galegas, promovido polo Consello da Cultura Galega, no que se estreou unha peza musical de Miguel Matamoros sobre un texto da homenaxeada.

Na xornada de hoxe, ademais do pleno extraordinario que a Real Academia Galega celebra no



O conselleiro de Cultura inaugurou a mostra sobre María Victoria Moreno, acompañado do viúvo da autora, Pedro Ferriol | X. REY

A Real Academia Galega celebra hoxe no Teatro Principal de Pontevedra o acto central do Día das Letras

Teatro Principal de Pontevedra, o acto central do Día das Letras terá lugar ás 19.00 horas na praza de Curros Enríquez.

No marco do "Ano de María Victoria Moreno" tamén se puxo en marcha o proxecto web "Primavera das Letras", que suministra ao

público infantil recursos lúdicos e didácticos arredor do universo vital e literario da autora; a Xunta tamén inaugurou a exposición itinerante "María Victoria Moreno. Paisaxes e personaxes", que percorrerá once localidades; e distintas editoriais reeditarán a súa obra.

CALDOVAL
CENTRO DE INTERPRETACIÓN

Novas pezas

cedidas polo Museo arqueolóxico do Castelo de San Antón

Visite o Centro de Interpretación de Caldoval en Mugardos

Mes de maio aberto xoves, venres, sábados e domingos de 10:30 a 14 horas e de 16 a 20 horas. Día das Letras Galegas aberto no mesmo horario con entradas e actividades gratuítas. Concertar no tfo 687 072 116 ou a través do email: info@museocaldoval.gal

Concello da Capela

HORARIOS VISITAS MOSTEIRO CAAVEIRO E PORTAL DAS FRAGAS

Horario tempada alta
(1 xullo a 31 agosto)
Martes a domingo de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.

Horario tempada baixa
(1 setembro a 30 novembro)
Sábados de 10:30 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas.

Domingos e festivos
Só pola mañá de 10:00 a 14:00 horas.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

"Se Alonso Montero entendía que eran escritores alófonos os que escribían desde fora, ela non podería ser alófona"

María Victoria Moreno, escritora autófona

XOSÉ MARÍA DOBARRO



Descoñezo se nese momento a lería moita xente, mais recentemente atopamos algún que outro anaco

Lembro con precisión que coñecín María Victoria Moreno na Facultade de Filoloxía de Santiago, a mediados do mes de abril de 1993, no transcurso do "I Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega", que organizaran os profesores Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado. Fomos presentados por Alonso Montero e conversamos escasos minutos –anos despois serían horas–, xa que nesa altura andaba eu moi ocupado –tamén preocupado, como non– coa oposición á cátedra que ía ter lugar algo máis dun mes despois. Tanto é así, que nin sequera teño a certeza de que asistise á súa exposición "¿Escritora alófona eu?". Si sei que a lin

–como o resto do volume–, cando se publicou nas *Actas* do Congreso. Descoñezo se nese momento a lería moita xente, mais recentemente atopamos, por aquí e acolá, algún que outro anaco da mesma. Tal como "Non son alófona porque o que practico, se é que escribo, poderíase definir como unha amorosa autofonía: a lingua de Galicia, desde hai anos é a lingua de meu" ou "A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha his-

toria de amor". Posiblemente, tiña razón. Se Alonso Montero entendía que eran escritores alófonos os que escribían desde fóra, ela, que o facía desde dentro, non podería ser alófona e si autófona.

Nese ano 1993, cumpriábase os primeiros 20 anos do seu compromiso co galego, pois en 1973 aparecera *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos*, con prólogo de Alonso Montero. A este seguiríanlle outros títulos de narrativa infantil e xuvenil, a modalidade en que se enmarca a práctica totalidade da súa produción literaria: *O cataventos* (1979) e *A festa no faiado* (1983), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Anagnórise* (1988), etc., libros que merquei e que me consta que leron os meus fillos, mais eu confeso que non.

A miña única lectura da obra de María Victoria Moreno foi a



Presentación de "Leonardo e os fontaneiros", en 1986, con Xesús Alonso Montero (de pé) e Xavier Senín (á esquerda)

antoloxía poética bilingüe *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*, aparecida, tamén en 1973, na colección Arealonga –dirixida por Alonso Montero–, da editorial Akal.

Na escolma recolle versos de dez poetas novos dos que algúns continuarían facendo maioritariamente poesía e outros se inclinarían por outros xéneros. Interésame e paréceme lembrar que ata lle fixera unha recensión.



FORESTAL

del Atlántico, S.A.











ENERXÍA E INDUSTRIA GALEGAS

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

“Converteu en sólido baluarte o seu compromiso coa lingua e a literatura do país desde que veu instalarse a Galiza en 1965”

María Victoria Moreno e o seu proxecto máis fermoso

HENRIQUE DACOSTA



Atrévemonos a dicir que foi a vida o seu proxecto máis fermoso. M^a Victoria Moreno, galega nacida en Valencia de Alcántara, converteu en sólido baluarte o seu compromiso coa lingua e literatura do país desde que veu instalarse a Galiza en 1965. “Eu non son alófona porque o que practico, se é que escribo, podería definirse como unha amorosa autofonía [...] A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”, tal era o que declaraba, en 1993, no congreso Poetas Alófonos en Lingua Galega. Mais é a través de Xulia Andrade, coprotagonista da súa laureada e tan lida novela, *Anagnórise* (1988), de onde extractamos “as persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos”, declaración gravada nunha placa conmemorativa da cidade do Lérez, localidade onde M^a Victoria viviu até os seus últimos días.

O seu primeiro libro en galego editase en 1973, *Mar adiante*, con ilustracións da propia autora. Estréase así como unha das primeiras escritoras de literatura infantil da nosa literatura. A historia constitúe un manifesto a favor dunha escola diferente, en contacto coa natureza e a prol dunha relación de respecto e ca-



María Victoria Moreno, na presentación dun libro

riño co alumnado, un verdadeiro decálogo de M^a Victoria, o cal vai defender tanto nas súas novelas como na súa vida. Outra das súas premisas, a intensa relación que M^a Victoria mantíña cos animais, vémosla en *Leonardo e os fontaneros* (1986). En *Guedellas de seda e liño*, recoñecida na Lista

Estréase así como unha das primeiras escritoras de literatura infantil da nosa literatura

White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic (2002), explora os conflitos de identidade na adolescencia, a través de dúas rapazas e do misterio dunhas incertas orixes.

Mais centrémonos agora na novela que máis a puido ter marcado, *Anagnórise*. Trátase dunha sorte de *road movie*, pois o nó desenvólvese na estrada. Unha muller madura –saberemos contra o final que se chama Xulia Andrade, pois nunca desvenda o seu nome– recolle un rapaz menor de idade, Nicolau Arís, que está a facer autostop. Lévaos desde un lugar na ría de Arousa até Madrid.

É un día de primavera e está a fuxir da súa casa. Mais a muller non formula preguntas incómodas ao respecto. O protagonista vén de sufrir un desengano amoroso e ten unha situación familiar complicada. Súa irmá máis nova morreu afogada e os pais viven separados após a traxedia. A mai ten problemas depresivos e co alcohol e o pai anda á marea nun pesqueiro.

O relato vai ser narrado en primeira persoa polo propio Nicolau, combinando monólogo interior con diálogo. Achámonos perante unha sorte de viaxe iniciática, pois o camiño convértese no da

procura de si, do sentido que o protagonista quere darlle á súa vida. A mestra de cerimonias da mudanza nel ha de ser a súa compañeira de viaxe, Xulia; pero a súa morte vai facer por mudalo todo, comprendendo que no regreso á casa está a meta. A fuxida, por tanto, devén nun acto temporal, xa que termina por regresar so os acordes da canción de David Bowie, *And made my way back home...*

O que talvez garde maior interese en *Anagnórise* é o carácter psicolóxico das personaxes, a evolución que podemos ir vendo nelas. O ton con que fala Xulia é didáctico, pois pretende facer reflexionar a Nicolau sobre a conveniencia ou non do que está a dicir ou a facer. Ela erixese como conselleira, aínda que tamén reproba con clareza a conduta e a forma de pensar do rapaz. Segundo Montse Pena “A novela pódese ler en clave de texto feminista iconoclasta, porque os prexuízos machistas do protagonista son transformados continuamente pola muller adulta... que o acolle no seu coche, en que se agudizan as características da empatía, a capacidade comunicativa e a sensibilidade”.

O contributo de M^a Victoria Moreno, xunto a outros autores e autoras da súa xeración, foi fundamental para situar a literatura infanto-xuvenil galega nun digno lugar. O lirismo, a conversión dos animais en protagonistas e a crítica a un ensino vetusto son algúns dos trazos da súa obra, así como o compromiso á causa da lingua galega e da xustiza social. En suma, xulgamos que foi capaz de construír o proxecto máis fermoso de que falaba, intrínseco ao ser e, consecuentemente, por saber amar a vida.



LETRAS GALEGAS 2018

MARÍA VICTORIA MORENO
(Céareas 1939-Pontevedra 2005)



CONCELLO DE CARIÑO

XOVES 17. 12 HORAS. PARQUE DO CONCELLO (CAMPÍN). ENTRADA DE BALDE
Lectura aberta de textos de María Victoria Moreno.
Exposición de debuxos realizados polos participantes dos Obradoiros Culturais.
Obradoiros de Música de Baile tradicional. Participación gratuíta. Colabora A.F. San Xiao do Trebo.

Deputación DA CORUÑA
Colabora:
Agrupación Folclórica “San Xiao do Trebo”

DOMINGO 27. 20 HORAS. AUDITORIO MUNICIPAL. ENTRADA: 2€
OBRA: “FILLOS DO SOL”
Dirección: Claudio Pozo - Elenco: César Costeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez - Duración: 75 minutos.
Sinops: Escubrición teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa relación coa obra que ocupa toda a súa vida como escritor: Os Eoas. A súa vida entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática; o bardo bergantiño, no octenario e comento pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas alófidias, medos e insatisfaccións creativas, tendendo por intercalarse un personaxe nacido da súa perturbación e o xove criado da penión na que está albergado.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

"A autora comezou e rematou a súa andaina no mesmo punto: na narrativa institucionalizada ou de adultos"

A outra narrativa de Victoria Moreno

ARMANDO
REQUEIXO

María Victoria Moreno foi unha escritora eminentemente infantoxuvenil e, como tal, ten gañado a condición de clásica das nosas letras. Agora ben, nin esa foi a súa única dedicación nin tampouco foi a primeira.

En realidade, a autora comezou e rematou a súa andaina no mesmo punto: na narrativa institucionalizada ou de adultos, que nunca abandonou completamente, por máis que en vida tivese declarado a súa inquebrantable adhesión á escrita para o lectorado máis novo.

Ao eido da ficción institucionalizada cómpre adscribir os primeiros relatos que deu a coñecer, titulados "La casa de las Marías" e "A gaiola", historias coas que participou nos Xogos Florais Minho-Galaicos en 1971, sendo mesmo galardada polo conto en castelán.

E tamén ao mesmo ámbito da prosa de ficción institucionalizada pertencen outros dous textos ben posteriores: "O encontro" e "Nocturno en tres tempos", ambos os dous literaturizacións do noivado con quen foi o seu último marido, Pedro Ferriol. O primeiro foi incluído no 2003 no volume colectivo *Un libro, a maior aventura*. O segundo apareceu na prensa no estio do 2004.

Agora ben, o texto máis graúdo, aquel onde Moreno deu como narradora non infantoxuvenil o mellor de si é, sen dúbida, a novela *Onde o aire non era brisa*.

A trama da novela (a historia dunha mestra noviña, Elena



Victoria Moreno, nun acto presidido por Ramón Piñeiro e Carlos Casares entre o público

Manzanares, que chega a un pobo arredado da Castela profunda e ten que lidar coas forzas ultraconservadoras e represoras da sociedade rural española dos 60 e coas miserias e limitacións da Posguerra)

A obra é moi explícita nas críticas á desigualdade de xénero e as actitudes machistas

préstase para unha interpretación múltiple, pois dependendo do foco temático sobre o que poñamos a atención pode xustificarse unha lectura como novela social, amorosa e ata lírico-simbólica, sen esquecer tampouco o que nela hai de denuncia en clave de xénero, de crítica ao estamento eclesiástico, de posicionamento político respecto do conflito e consecuencias da Guerra Civil e mesmo das tinturas filosóficas que certas planas adquiren ao tratar temas como o da vida e a morte.

Onde o aire non era brisa cuestiona a inxustiza da sociedade de clases ao tempo que se debroca sobre o tema do atraso rural e a educación como único viero para o superar. Neste sentido, a novela amosa unha decidida aposta pola alfabetización e por un ensino diferente, incidindo na defensa da infancia por medio da escola pública e lamentándose polo acusado ausentismo escolar e a anatematización do saber en aras dunha fe obrigada.

Doutra parte, a obra é moi explícita nas críticas á desigualdade de xénero e as actitudes machistas, como tamén o é respecto das prácticas xenófobas que afectan tanto aos artistas ambulantes coma aos traballadores foráneos.

Tampouco o estamento eclesiástico máis rancio se libra da pauliña e, xaora, moito menos o proceder represivo dos vencedores da Guerra contra os republicanos.

Finalmente, aínda cabería salientar na novela outros tres itinerarios temáticos de importancia: a vivencia do (des)amor, as consideracións sobre as artes en xeral e a literatura en particular e a reflexión sobre a morte.

En conclusión: *Onde o aire non era brisa* construíuse por medio da dialéctica de opostos: amor/desamor, vida/morte, terra/desarraigo, equidade/inxustiza o que, ben mirado, resulta unha serie con conexións internas, pois o amor é en por si vida e a querenza á terra é fundamental para respectar a vida e a equidade entre todos os seus seres. Velai as razóns que fan merecente de toda atención esta obra de María Victoria Moreno.

Dos Alcores aos aires

A xénese e concreción deste relato ten unha historia singular, pois a súa primeira versión foi escrita a finais dos sesenta, mais non se publicou ata case corenta anos despois. Coa primeira redacción da obra, escrita en castelán, a autora participou no Premio Café Gijón de 1969, quedando finalista. Aquel primeiro texto, que se titulaba

Alcores de Donalvar, ficou inédito no fondo dunha gabeta por moitos anos, ata que veu tiralo dela o seu compañeiro Pedro Ferriol, quen persuadiu a María Victoria Moreno de que o enviase a algún certame. Así o fixeron e, logo dalgunhas idas e vindas, fíxose acredor no 2005 do X Premio de Novela Curta Manuel Díaz Luis do concello salmantino de Monleón, sendo publicado por este, baixo o título xa de *Donde el aire no era brisa*, un ano despois.

A versión en galego, que a propia autora quería ver publicada, chegou postumamente, no 2009 (a autora finou en novembro do 2005), e viu luz da man de Galaxia en acaída tradución de Xavier Senín, dándose cumprimento, así, ao desexo manifestado pola escritora.



de NARÓN

A festa das letras

PRAZA DA LECTURA - VIVENDAS DA MARINA - SANTA ICÍA

Xoves 17 de maio
PROGRAMACIÓN FAMILIAR

12.00 H
CONCERTO
PABLO DÍAZ

17.30 H
"A BANDA DAS APERTAS"
MAGÍN BLANCO

18.30 H
"CIRCANELO"
FREDY&CÍA

*TAMÉN PODERÁS VISITAR E PARTICIPAR NO NOSO ESPAZO DE LECTURA E LIBRARÍA!!

